

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL,  
TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de novembro de 2023**

Ás 17.00 horas do día 15 de novembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Luís Menor Pérez

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

D.<sup>a</sup> Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Marina Vaz Quintillán

**Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputados/as do BNG:**

D.<sup>a</sup> María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Xosé Miguel Pérez Blecua, que é substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de outubro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 18 de outubro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2023 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro, que se realizará o día 22 de decembro de 2023, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar os días 13 (mércores) e 14 (xoves), coa mesma orde que todos os meses.

Con motivo deste acordo, o Sr. secretario expón que a convocatoria das comisións informativas do mércores, 13 de decembro, debería realizarse como data límite o xoves 7 de decembro. Para os efectos de poder incluír o maior número de expedientes finalizados exponlles aos membros da comisión e aos 4 portavoces dos diferentes grupos presentes a posibilidade de remitir a convocatoria de todas as comisións informativas na mañá do luns día 11 de decembro. Todos os membros da comisión, o presidente e os portavoces dos diferentes grupos mostran a súa conformidade coa dita proposta.

**3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista**, indica que por informacións saídas na prensa parece ser que a representación sindical dos bombeiros do Consorcio provincial solicitaron unha reunión para continuar coa negociación e que esta non foi atendida.

O **Sr. presidente** contesta que a negociación está sendo conxunta por parte da Xunta de Galicia e os catros consorcios das catro deputacións, e que no caso de Ourense está a plena disposición para a dita reunión, pero en todo caso a solicitude foi trasladada á Xunta de Galicia que é a que coordina ás cinco administracións implicadas.

**Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, pregunta en que estado se encontra a inclusión dos alcaldes/as da Pobra de Trives e Manzaneda no Consello de Administración de Meisa.

O **Sr. presidente** contesta que non hai novidades ao respecto, que non se puido realizar a asemblea xeral por falta de quórum e que espera que este asunto se trate na próxima reunión.

**Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, pregunta a Deputación realizou algunha actuación para paliar os danos causados no Pazo Provincial na manifestación que realizaron os traballadores dos consorcios provinciais de bombeiros..

O **Sr. presidente** contesta que neste momento se están dirimindo as responsabilidades, que existe un comité de folga responsable nos termos que indica a lexislación e que a Deputación esixirá que os danos sexan reparados polos que os causaron, xa que non debe ser esta institución, ou o resto de cidadáns, os que asuman os danos causados nunha protesta que non foi pacífica.

**Bernardo Varela López, do BNG**, indica que se trasladou que a Deputación está recorrendo as sentenzas do xulgado do social que declaran a fixeza dos bombeiros do Consorcio provincial, e pregunta se non van incluídos no anexo de persoal do orzamento as prazas do cadro de persoal do consorcio de bombeiros.

O **Sr. presidente** contesta en primeiro lugar que a CIG foi a primeira en recorrer as sentenzas do xulgado en canto a que outorguen fixeza só no centro de traballo e non en todo o consorcio. Respecto á segunda pregunta indica que o orzamento do consorcio de incendios non se inclúe aínda no proxecto de orzamento para o exercicio 2024 da Deputación, que se presenta esta mesma tarde na comisión.

E, ás 17.11 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

